

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	1º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	31
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	32
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	37

1. Introducción

O Instituto de Ensinanza Secundaria ARMANDO COTARELO VALLEDOR comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de FP Fermín Bouza Brey do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro. Introdúcese tamén o 3º curso da ESO e dous grupos de 2º de BUP que non tiñan cabida nos outros centros de Ensino Medio da vila. Pero o curso 2022/23, trala conversión en CIFP deste último centro, a citada rama de Comercio regresou ao mesmo pasando todas as ensinanzas de ESO e Bacharelato daquel centro para o noso e mantendo tamén as de Administración e Informática.

Os centros adscritos dos que procede a maioría do noso alumnado son os de Vilaxoán, Rubiáns, o Piñeiriño e A Lomba aínda que tamén se acollen alumnos/as doutros centros da vila.

SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA E CULTURAL DO CONTORNO

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo do concello de Vilagarcía de Arousa, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

O nivel de vida da poboación é de tipo medio sendo escasos os alumnos e alumnas que esperan acceder a estudos universitarios.

Das declaracións do noso alumnado nas súas solicitudes de matrícula dedúcese que a Renda Media oscila entre os 600 e 1000 €.

As principais actividades económicas do contorno son:

Pesca e marisqueo.

Agricultura.

Hostalería.

Conserva.

Acuicultura (parques flotantes de mexillóns e ostras, cetarias e depuradoras).

Traballo no 2º sector.

Polo que se refire ao nivel cultural do entorno familiar no que se desenvolve o noso alumnado, constatamos que é baixo: os pais e nais dos nosos rapaces e rapazas non accederon a estudos medios e nalgúns casos non completaron os estudos primarios.

Alguns problemas que non podemos obviar como Centro de ensino, son os seguintes:

A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.

A influencia que exerce sobre o noso alumnado o chamado "diñeiro fácil".

O prestixio social do que gozan, entre algúns dos nosos rapaces e rapazas, certas persoas que fixeron unha fortuna por medio de actividades delituosas.

A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (ou que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).

O escaso nalgúns casos nulo- hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.

A gran cantidade de accidentes de tráfico que afectan a adolescentes da zona.

Respecto da lingua, cabe dicir que o alumnado, maioritariamente, exprésase en castelán, aínda que no entorno familiar a lingua máis empregada é o galego.

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquieran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para

pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

Unidade 1. Comunicando. Dedicaremos esta unidade ao estudo do proceso comunicativo e á incidencia dos seus elementos, tanto na forma, como na correcta interpretación das mensaxes orais e escritas.

Unidade 2. O misterio das palabras. Utilizamos continuamente a lingua, pero non sempre reflexionamos sobre o que son as palabras, como se crean e se transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas. En esencia, diso trata esta unidade: de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación máis útil, de manexalo con soltura e de apreciar o que moitos escritores e escritoras souberon facer con el.

Unidade 3. Cántame un conto. A narración é o tipo de textos que xerou máis análises desde os antigos retóricos ata

a actualidade. E non é estraño: as formas narrativas -ficcións ou relatos reais que explican un feito interesante- acompañannos desde os contos na nenez ata a lectura das noticias xornalísticas. Por iso, é importante que practiquemos tanto a súa correcta expresión como a súa axeitada comprensión.

Unidade 4. Escribir a natureza. Este proxecto céntrase na descrición da natureza máis próxima: paisaxes, fauna e flora da comarca pero tamén dos elementos humanos: profesións, traballos, ocupacións.... Tomando como modelo algúns clásicos literarios, o alumnado elaborará por grupos as súas propias propostas e terá que presentalas na clase.

Unidade 5. Atrapados na rede. Dedicamos moitas horas para comunicarnos e informarnos a través de internet. Esa posibilidade de contactar de maneira inmediata cun público potencialmente amplísimo e obter datos de todo tipo ao momento supuxo un avance innegable, pero tamén entraña certos riscos para a nosa privacidade. Ademais, esta avalancha de información (non sempre obxectiva nin veraz) esíxenos que esteamos formados para analizar criticamente os datos e as opinións que os medios de comunicación dan a coñecer.

Unidade 6. Un mundo mellor: o poder da lectura. A lectura progresivamente autónoma de textos procedentes do patrimonio universal supón un obxectivo primordial da materia de Lingua Castelá e Literatura. Pero, para que o alumnado utilice eficazmente estratexias e paradigmas aplicables á análise das obras, é necesario dedicar unha unidade introdutoria ao recoñecemento dos recursos expresivos e aos seus efectos na recepción como unha característica fundamental da linguaxe literaria. Por iso, esta unidade abordará o concepto e a función da literatura como un fenómeno artístico e cultural, vinculado a outras manifestacións mediante o emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación. Neste sentido, a creación dun obradoiro de lectura na aula favorece o establecemento das conexións entre as obras, o seu contexto e outras expresións culturais próximas á actualidade do alumnado, así como o achegamento aos distintos soportes que acollen a obra literaria, incluíndo formatos multimedia.

Unidade 7. Unha realidade capturada por palabras. Un dos propósitos fundamentais da Educación literaria reside na construción dunha identidade lectora sólida. Para logralo, é esencial a configuración dun corpus formado por obras rexistradas en itinerarios xenéricos, cuxa lectura comparada atenda á evolución dos temas e formas estéticas. Dedicaremos, por tanto, esta unidade ao estudo das principais características dos xéneros narrativo, lírico e dramático, para poder realizar na seguinte unidade literaria unha actividade transversal que aborde a evolución dos mesmos a través do tratamento dos principais tópicos literarios. Na presente unidade, exporase a importancia do xénero narrativo como unha forma de comunicación interxeracional e o modo discursivo ficcional fundamental na tradición literaria de todas as culturas; a relevancia da poesía como vehículo da subxectividade do eu lírico; e a preeminencia do teatro, vinculado ás formas de comunicación verbal e non verbal.

Unidade 8. Os nosos referentes. Dedicaremos esta unidade ao estudo dalgúns dos tópicos máis relevantes da literatura española (*carpe diem*; *collige, virgo, rosas*; *beatus ille*; *locus amoenus*; *tempus fugit*; *ubi sunt?*) para realizar a continuación unha antoloxía multimedia que conteña os textos máis representativos que teñan cultivado os ditos universais temáticos, acompañados de imaxes, arquivos sonoros e vídeos explicativos sobre a natureza de cada tópico, para finalizar co recitado e coloquio en clase sobre a formulación dos mesmos nos diferentes textos.

Unidade 9. Un gran legado. Nesta unidade, analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro. A partir da reflexión interlingüística, estableceremos as familias lingüísticas e combateremos os prexuízos lingüísticos

Intentamos vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes para que, ao termo de cada curso, consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comunicando	Dedicaremos esta unidade ao estudo do proceso comunicativo e á incidencia dos seus elementos, tanto na forma, como na correcta interpretación das mensaxes orais e escritas.	11	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O misterio das palabras	Utilizamos continuamente a lingua, pero non sempre reflexionamos sobre o que son as palabras, como se crean e se transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas. En esencia, diso trata esta unidade: de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación máis útil, de manexalo con soltura e de apreciar o que moitos escritores e escritoras souberon facer con el.	12	12	X		
3	Cóntame un conto	A narración é o tipo de textos que xerou máis análises desde os antigos retóricos ata a actualidade. E non é estraño: as formas narrativas -ficcións ou relatos reais que explican un feito interesante- acompañannos desde os contos na nenez ata a lectura das noticias xornalísticas. Por iso, é importante que practiquemos tanto a súa correcta expresión como a súa axeitada comprensión.	11	12	X		
4	Escribir a natureza	Este proxecto céntrase na descrición da natureza máis próxima: paisaxes, fauna e flora da comarca pero tamén dos elementos humanos: profesións, traballos, ocupacións ... Tomando como modelo algúns clásicos literarios, o alumnado elaborará por grupos as súas propias propostas e terá que presentalas na clase.	11	12		X	
5	Atrapados na rede	Dedicamos moitas horas para comunicarnos e informarnos a través de internet. Esa posibilidade de contactar de maneira inmediata cun público potencialmente amplísimo e obter datos de todo tipo ao momento supuxo un avance innegable, pero tamén entraña certos riscos para a nosa privacidade. Ademais, esta avalancha de información (non sempre obxectiva nin veraz) esíxenos que esteamos formados para analizar criticamente os datos e as opinións que os medios de comunicación dan a coñecer.	11	12		X	
6	Un mundo mellor: o poder da lectura.	A lectura progresivamente autónoma de textos procedentes do patrimonio universal supón un obxectivo primordial da materia de Lingua Castelá e Literatura. Pero, para que o alumnado utilice eficazmente estratexias e paradigmas aplicables á análise das obras, é necesario dedicar unha unidade introdutoria ao recoñecemento dos recursos expresivos e aos seus efectos na recepción como unha característica fundamental da linguaxe literaria. Por iso, esta unidade abordará o concepto e a función da literatura como un fenómeno artístico e cultural, vinculado a outras	11	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Un mundo mellor: o poder da lectura.	manifestacións mediante o emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación. Neste sentido, a creación dun obradoiro de lectura na aula favorece o establecemento das conexións entre as obras, o seu contexto e outras expresións culturais próximas á actualidade do alumnado, así como o achegamento aos distintos soportes que acollen a obra literaria, incluíndo formatos multimedia.	11	12		X	
7	Unha realidade capturada por palabras.	Un dos propósitos fundamentais da Educación literaria reside na construción dunha identidade lectora sólida. Para logralo, é esencial a configuración dun corpus formado por obras rexistradas en itinerarios xenéricos, cuxa lectura comparada atenda á evolución dos temas e formas estéticas. Dedicaremos, por tanto, esta unidade ao estudo das principais características dos xéneros narrativo, lírico e dramático, para poder realizar na seguinte unidade literaria unha actividade transversal que aborde a evolución dos mesmos a través do tratamento dos principais tópicos literarios. Na presente unidade, exporase a importancia do xénero narrativo como unha forma de comunicación interxeracional e o modo discursivo ficcional fundamental na tradición literaria de todas as culturas; a relevancia da poesía como vehículo da subxectividade do eu lírico; e a preeminencia do teatro, vinculado ás formas de comunicación verbal e non verbal.	11	11			X
8	Os nosos referentes	Dedicaremos esta unidade ao estudo dalgúns dos tópicos máis relevantes da literatura española (carpe diem; collige, virgo, rosas; beatus ille; locus amoenus; tempus fugit; ubi sunt?) para realizar a continuación unha antoloxía multimedia que conteña os textos máis representativos que teñan cultivado os ditos universais temáticos, acompañados de imaxes, arquivos sonoros e vídeos explicativos sobre a natureza de cada tópico, para finalizar co recitado e coloquio en clase sobre a formulación dos mesmos nos diferentes textos.	11	11			X
9	Un gran legado	Nesta unidade, analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro. A partir da reflexión interlingüística, estableceremos as familias lingüísticas e	11	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Un gran legado	combateremos os prexuízos lingüísticos	11	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comunicando	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto e a información máis importante.	PE	70
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será quen de producir textos narrativos e descritivos utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado ten que recoñecer o tema e as ideas principais de textos alleos e ser quen de achegar o seu punto de vista persoal.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos orais e multimodais.	TI	30
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos orais breves, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.		
CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado explicará, como mínimo, a relación entre a intención comunicativa e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal como o educativo e o social.	O alumnado realizará unha escoita activa, respectará o turno de palabra, será capaz de expoñer de forma concreta o problema e esforzarse por suxerir todas as alternativas de solución posibles.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos para evitar repeticións innecesarias e incluírá elementos cohesivos que evidencien unha correcta organización do contido.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Como mínimo, o alumnado detectará os erros formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. - Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos,

Contidos

- esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	O misterio das palabras	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá ser capaz de identificar as categorías gramaticais predominantes en textos narrativos e descritivos.	PE	70
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará, como mínimo, a mudanza de categoría gramatical dunha palabra mediante a utilización de afixos, a partir da observación e transformación de enunciados.		
CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos.	TI	30
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos, hiperónimos e hipónimos para evitar repeticións innecesarias e incluírá elementos cohesivos para a correcta organización do contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Cóntame un conto	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto narrativo e a información máis importante.	PE	70
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos narrativos escritos nos que presenten os sucesos de maneira coherente e cohesionada.		
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Como mínimo, o alumnado atopará sinónimos para evitar repeticións innecesarias, buscará as palabras máis eficaces e organizará o contido adecuadamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos narrativos orais e multimodais.	TI	30
CA3.1 - Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado será quen de producir textos narrativos orais con fluidez utilizando o rexistro adecuado.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Como mínimo, o alumnado detectará os erros formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios coa axuda do dicionario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. - Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
4	Escribir a natureza	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
